



A LINGUAXE INFANTIL NA TRADUCCIÓN Ó GALEGO. ¿DIFERENTES TRADUCCIÓNS, LECTURAS DIFERENTES?

Liliana Valado Fernández
Universidade de Vigo

A carencia dun glosario que reflecta a linguaxe en galego imprímelle unha maior dificultade á empresa da traducción infantil cara a esta lingua.

Un dos impedimentos é o uso xeneralizado dos vocábulos casteláns que xera dúas situacións lingüísticas prexudiciais para a fixación dun léxico axeitado en galego.

Por unha parte, a presenza do castelán nas comunicacións infantís define a linguaxe empregada como un fenómeno lingüístico caracterizado polos calcos procedentes do castelán que pola outra parte, impiden que a nena ou neno galega/o tome conciencia da necesidade de expresarse na súa propia lingua. Isto é, o castelán vén suplir —no caso que estou a analizar— a falta que existe no léxico galego infantil.

Pretendo outorgarlle á linguaxe infantil o coidado que merece dentro dos estudos de Traducción. Con este fin, propono unha versión en galego dunha selección de usos infantís que aparecen na obra *Os irmáns Corazón de León*.

No corpus que presento queda de manifesto a necesidade de transmitir en galego a linguaxe empregada polos dous nenos-protagonistas.

Así mesmo, cabe resalta-la relevancia que a autora orixinal Astrid Lindgren lle concede ó tratamento da linguaxe infantil na súa obra. Razón que non só xustifica a correspondencia na lingua galega senón que a fai aconsellable.

A obra orixinal obxecto de estudo nesta comunicación é *Bröderna Lejonhjärta*. Realizarei unha análise comparada das súas traducións cara ó inglés, castelán, catalán e galego. A orde das linguas que veño de expor non é aleatoria, xa que establezo correspondencias por unha parte, entre os pares de linguas inglés e castelán e pola outra, catalán e galego, debido ás causas que posteriormente explicarei.

Elementos que interactúan no marco da traducción

A autora, Astrid Lindgren

O prestixio obtido no estranxeiro constátano os máis de 100 millóns de copias vendidas mundialmente. Sen embargo, este éxito resulta contradictorio coa súa recepción dentro do Estado español onde só as versións catalana e agora a galega, semellan estar interesadas en seguir dando a coñece-la súa figura.

Estes datos apuntan cara a un feito evidente que se ben por unha parte, demostra a fama que esta autora de literatura infantil e xuvenil (LIX) sueca posúe fóra do noso Estado, por outra parte, constata a ausencia demostrable de obras súas en traducción en castelán como nas linguas autonómicas da Península Ibérica.

Detecto un contraste entre o prestixio mundial que posúe Lindgren a través da súa obra, recoñecida e galardoada a nivel internacional, e a escasa repercusión que obtivo no canon literario estatal. Resalta a panorámica galega: no seu sistema de chegada, Lindgren aínda non aparece rexistrada como escritora de libros infantís dentro do canon da literatura estranxeira traducida ó galego.

A incompreensión ante esta ausencia aumenta ó comprobar que estatisticamente Lindgren se atopa entre escritores de LIX internacionalmente traducidos como Jacob e Wilhelm Grimm e Hans Christian Andersen. De feito, Lindgren é unha das principais escritoras de LIX con “9 libros traducidos con éxito, por detrás de Grimm con 10 e por diante de Andersen, que suma 7 obras” (White 1992: 266).

Previa explicación desta falta de presenza no ámbito dos libros infantís traducidos ó galego, introduzo o corpus analizado.

A súa obra, a temática de “vangarda”

Astrid Lindgren encádrase como a autora suprema dunha xeración iluminada pola declaración de paz do ano 1945, trala Segunda Guerra Mundial. Nesta época creouse un clima literario que fomentaba a innovación artística e experimental dentro da literatura infantil: o modernismo literario chega por fin ata a infancia.

Astrid Lindgren vai renova-lo xénero da literatura infantil e xuvenil gracias ó seu humor e a súa intención non moralizante. Así mesmo, non podo rematar un apartado sobre a influencia dos temas retratados por Astrid Lindgren na súa obra sen facer unha mención especial sobre o tratamento que a autora lle dá ó medo e ó susto provocado na nena e neno lectora/lector. É un tema que resalta no texto e nas excepcionais ilustracións¹ de *Os irmáns Corazón de León*. O medo e o susto resultan tan atraentes para un cativo como o poden se-las aventuras vividas polos dous irmáns, Ionatán e Karlos Corazón de León. O certo é que este tema destaca gracias á antítese

¹ Ver anexo 1

que se crea fronte a situación de agarimo e protección que a nena e neno experimenta na súa casa mentres le estas escenas.

En xeral, as circunstancias negativas —o medo e o susto— sobresaen de entre as positivas —as aventuras, a tenrura e o cómico— en virtude de esa oposición intrínseca que aparece en tódalas situacións de antemán xa contrarias. De feito, trátase tanto dunha historia de aventuras coma dunha alegoría sobre a loita entre a vida e a morte, onde se retrata coa mesma intensidade narrativa a ansiedade e a felicidade que a nena e o neno experimentan.

As traducións, Lindgren cara ás linguas autonómicas

Versión orixinal	Versión castelá	Versión catalana	Versión galega	Versión vasca
1945 <i>Pippi Långstrump</i>	1962/1969/1975/1984/1987/ 1994 Pippa Mediaslargas	1981/1982 Pippi Calcesllargues	—	/1994/1997/1998 Pippi Kaltzaluze
1950 Kati i Amerika	1962 Kati en América	—	—	—
1948 Pippi Långstrump i Söderhavet	1969 Pippa en los mares del sur	—	—	1997/2001 Pippi hegoaldeko itsasoetan
1966 Nya hyss av Emil...	1978/1980/1990/2002 Nuevas ... de Miguel...	1978 Les noves ... d'en Miquel...	—	—
1951 Jag vill också gå i skolan	1983/1985/1986 Yo también quiero ir a la escuela	1983 Jo també vull... a l'escola	—	—
1973 Bröderna Lejonhjärta	1984/1986/1994 Los hermanos Corazón de León	1986 Els germans Cor de Lleó	2003 Os irmáns Corazón de León	—
1981 Ronja, Rövardotter	1985/1988/1994/2000 Ronja, la hija del bandolero	1984/1985 Ronja, la filla del bandoler	—	—
1945 Pippi Långstrump	1991/1993/1995/1996/2001 Pippi Calzaslargas	1981 Pippi Calcesllargues	—	1997/1998 Pippi Kaltzaluze

Datos extraídos da base de datos da Axencia Española do ISBN e do Catálogo de Bibliotecas Públicas do Estado.

Entre os anos 1944 e 1993, publicáronse en Suecia uns 100 títulos orixinais —“exactamente, 99 obras” (Olofsson 2002).

Se observámo-la selección bibliográfica española, na que non inclúo tódalas publicacións da autora, só detallo aqueles títulos ós que me refiro neste apartado. Aínda que non apareza neste cadro, cabe apuntar que o canon español conta con 32 títulos traducidos ó castelán entre os anos 1962 e 2002. De todos eles, dez teñen a súa arquicoñecida personaxe *Pippi* como protagonista; conto tres da serie de *Kati*, así como dos seus personaxes *Madita* e *Miguel*, el travieso; tamén aparecen dous títulos da serie *Yo también quiero...* O resto dos títulos atopados responden a títulos individuais de libros como os de *Los hermanos Corazón de León*, *Los niños de Bullerbyn* e *Ronja, la hija del bandolero*, entre outros.

É dicir, a obra traducida ó castelán en todo o Estado español non supón nin un tercio da obra total de Lindgren. Esta cifra redúcese aínda máis nas linguas autonómicas de España: en galego aínda non existen traducións, a recente tradución ó éuscaro conta con cinco obras e o catalán dispón de seis traducións.

Ben é certo que o número de traducións en linguas autonómicas é reducido pero hai que ter en conta que a tradución para estas linguas se fixo “oficial” a partir da década dos 80 coa posta en marcha das respectivas Leis de Normalización Lingüística en cada comunidade autónoma. Non obstante, cabe resaltar que o sistema literario catalán integrou libros inéditos de Lindgren no seu canon de literatura traducida. Isto é, a versión catalana apareceu antes cá castelá.

Este dato resulta moi interesante desde a perspectiva dos estudos de tradución. Atendendo á teoría polisistémica (Even-Zohar 1990), o texto sueco e o catalán serían dous elementos integradores dun mesmo polisistema, onde o castelá non actúa como o elemento central que subordinaría esta tradución ó catalán. Isto indica que o criterio editorial catalán respecto ó que se traduce e ó que non se traduce non está supeditado ó que xa existe no repertorio nacional español por imposición. Así, vemos cómo na Comunidade Autónoma Catalana non agardaron a que se publicase a versión castelá para determinarse pola tradución á súa lingua materna. Do que se desprende que o sistema editorial catalán conta co “privilexio” de poder arriscarse ante as novidades editoriais que os sistemas estranxeiros poñen á súa disposición.

Respecto á lingua vasca, resaltamos a reedición de dúas das súas tres obras publicadas. As novas publicacións datan de 1998 e 2001 e os seus correspondentes distan, respectivamente, tan só un e tres anos destas versións máis recentes. As reedicións indican que segue existindo unha demanda actual por parte dos lectores en lingua éuscara que favorecen a reaparición de textos xa publicados. Situación de mercado potencial que tamén observo na selección, que resulta se-la reedición máis actual de toda a obra de Lindgren —neste caso, é o castelán a lingua protagonista.

Como adoita acontecer nestes casos, a morte da autora reactivou e actualizou a disposición da bibliografía de Lindgren, que xerou un interese social que repercute positivamente nas reedicións editoriais da súa obra en España. Cónstame que a editorial pioneira en España, Editorial Juventud, que posúe os dereitos da autora para esta lingua, reembárcase na edición dos

textos protagonizados pola personaxe de *Pippi* e do seu personaxe *Miguel*.

Aínda que non se lle poden restar méritos a ningunha reedición cabe sinalar que estas deberían ir acompañadas da súa revisión paralela principalmente, cando non se trata dun orixinal senón da súa traducción, como é o caso. A revisión actualiza o texto, confírelle maior prestixio con respecto á anterior versión porque lle aporta calidade ó actualízala, lle concede un valor engadido que permite que se integre con máis naturalidade no momento no que se dá a coñecer.

Na miña análise, detecto algúns descoidos –analizáreinos no apartado práctico– perfectamente corrixibles nunha futura reedición do texto. Como toda/o mediadora/mediador lingüística/o sabe, a tarefa da/o traductora/tra- ductor é ardua e se nalgún momento decide que a súa obra está rematada, tamén é moi consciente de que o tempo necesariamente cambiará a súa versión.

Encontros e desencontros nas traduccions inglesa, e castelá, catalana e galega con respecto ó texto orixinal (TO)

Como xa comentei na introducción, establezo parellas de TM; por unha parte, as versións inglesa e castelán e pola outra, a catalana e a galega son analizadas atendendo ós paralelismos que detecto e exporei no apartado práctico de seguido.

Traducción para nenas e nenos

A LIX permaneceu relegada ós xéneros marxinais por ser considera- da pouco seria no tocante á temática e ós receptores a quen vai dirixida, ás nenas e ós nenos. Nun principio, traducir para nenas e nenos non estaba considerado propiamente traducir literatura, xa que a LIX non recibía sempre o mesmo respecto cá literatura para adultas/os. Senón que o postulado pri- mario apuntaba que:

The public critical perception seems to be that works of children’s literature with a few notable and usually time-honoured exceptions, do not really deserve to be called “literature” at all and are generally somehow second-rate and functional rather than of high quality, creative and deserving of critical atten- tion in the way that serious adult literature clearly is (Anderman 1999: 209).

Sen embargo a traducción para nenas e nenos non debe ser diferente da traducción para as/os adultas/os porque “children’s books are literature, should be treated as such and thus be translated as such” (Klingberg 1986: 10). O incremento de traduccions deste xénero non van condiciona-lo traballo da/o traductora/traductor, xa que actualmente a LIX ocupa un lugar de pres- tixio. Situación que lle outorga a produción traductiva tan abundante que se está a realizar.

Non obstante, observo un problema de traducción que se acentúa na

traducción de textos para nenas e nenos. A subordinación vén dada pola presenza no TO de elementos propios da cultura orixe. Refírome ás adaptacións do contexto nas que “adjustment of the text and purification are common of children’s books” (Klingberg 1978: 86).

Unha das finalidades da traducción de LIX é amplia-la visión internacional da nena e do neno. Xa que logo, a eliminación dun referente cultural do TO impide o enriquecemento e coñecemento que supón toda referencia foránea para a nena e o neno. O criterio aplicado pola/o traductora/traductor non debe se-la purificación de certos referentes que considera desaxeitadas ou inapropiadas para un texto de LIX senón que debe trasladalas para promove-la súa absorción e percibi-las vantaxes da diversidade cultural, decatarse de que a lingua ten a súa raiceira na cultura. A/O traductora/traductor vén condicionado por unha “norma de traducción” (Toury 1995: 52) para trasladar estes elementos que terán unha repercusión no sistema de chegada.

Tal e como apunta Toury:

Translations are facts of target cultures; on occasion facts of a special status, sometimes even constituting identifiable (sub)systems of their own, but of the target culture in any event (Toury 1995: 52)

Lindgren relata a seguinte anécdota co traductor ó francés de Pippi, que reflicte o que veño de apuntar. O traductor elimina tódalas pasaxes nas que a protagonista minte ou se revela contra as/os adultas/os e engade outras nas que no canto de mofarse das situacións presentadas, descúlpase. Así mesmo, o traductor pediulle a Lindgren se podía cambia-lo cabalo por un pónei, xa que consideraba que as/os nenas/os francesas/es non eran quen de entender cómo Pippi podía sostelo en alto. Lindgren contestoulle que se lle enviaba unha foto cunha/cun nena/o francesa/francés a levantar un pónei, daquela cambiaríao.

Importación do TO

O recente falecemento de Astrid Lindgren reactivou o interese pola súa obra. No Estado español supuxo a reedición dalgunhas das súas traducións. Este paradoxo tamén se observa en Galicia, a inclusión de Lindgren no canon de libros de LIX traducidos ó galego correu a cargo de Edicións Xerais de Galicia coa publicación de *Os irmáns Corazón de León* en outubro de 2003.

A traducción dunha obra contemporánea supón a vantaxe de poder contar coa opinión que a propia autora deu sobre os TM anteriormente publicados. De feito, hai constancia de que Lindgren seguía de preto a traducción e a ilustración da súa obra:

In 1969 she even contributed an article to *Babel* on the subject, where she takes a definitive stand on the English and French versions of *Pippi Longstocking* and the stories situated in *Bullerby*. She both praises and scolds the translators —she sees to it that her books are understood “in a proper way”, that she herself, is seen and understood as she wants to be seen and understood (Oittinen 1993: 93).

Isto é, Astrid Lindgren quere crear e mante-la imaxe que ten de si mesma e da súa obra, unha imaxe de autoría propia. É dicir, a autora xa considerou a quen vai dirixido o texto, polo tanto, a tarefa que lle resta á/ ó traductora/traductor é a de non terxiversar esta esencialidade do TO na medida na que a cultura meta e a nena e o neno lectora/lector o permitan.

Xa que logo, na importación é preciso reflecti-las características do que identifico como linguaxe “lindgreniana” e o uso deliberado desta por parte da autora. Lindgren emprega unha linguaxe connotativa como recurso estilístico e de caracterización das/os personaxes na súa obra.

A linguaxe de Lindgren é poética e adaptada ás nenas e ós nenos. Adoita empregar metáforas e aliteracións de certas palabras, que lle confiren un ritmo determinado ás súas historias. A fama que posúe fóra do Estado español débella ó seu estilo.

The play, the verbal juggling are among the most significant factors in Astrid Lindgren's fiction. The child resembles a poet who makes use of the power in original, emotionally charged words. The child's talk and thoughts form the centerpieces of the stories (Edström 1992: 25).

A linguaxe literaria reproduce o ritmo sintáctico que se escoita en Smaland, zona onde naceu. Trátase dunha atmosfera na que o folclore, os contos, as lendas e mailas historias de fantasmas forman parte da vida cotiá. As historias que lle contaba a xente que tiñan ó seu servizo na granxa valéronlle para enriquece-las súas historias da tradición oral. Tamén seu pai que era moi dado a relatar historias influenciou a súa linguaxe. “Sayings from her childhood environment float into her stories, more or less remolded” (Edström 1992: 12).

Importacións cara ó inglés e ó castelán: *The Brothers Lionheart* & *Los hermanos Corazón de León*

Nos TM compróbase a ilexibilidade a través das dificultades atopadas na súa lectura, debido en gran medida á falta de contextualización da cultura receptora. Mantéñense invariables certos aspectos da cultura orixinal que non son recoñecidos e polo tanto, tampouco asimilados pola/o nena/o lectora lector: a intrincada fonética dos nomes propios, as estruturas sintácticas impropias da cultura receptora e os xiros morfolóxicos non característicos das linguas meta.

Os TM —principalmente o castelán— non constitúen un modelo que represente unha posición de identificación entre as persoas da cultura receptora —“persons-in-culture”— (Toury 1995: 53-55), porque o traductor se subscribe ás normas propias do TO, a través destas adopta as normas da lingua e da cultura orixinal. Esta tendencia a miúdo considerouse como os pasos a seguir para obter unha traducción adecuada, como apunta Even-Zohar:

An adequate translation is a translation which realizes in the target language the textual relationships of a source text with no breach of its own [basic]

linguistic system (Even-Zohar 1975: 43).

Sen embargo, esta tendencia comporta certas incompatibilidades coas normas e tendencias propias das culturas receptoras. Manifestacións que se poden atribuír e “palpar” nos TM. Xa que:

Adherence to source norms determines a translation’s **adequacy** as compared to the source text, subscription to norms originating in the target culture determines its **acceptability** (Toury 1995: 56).

Ausencias comúns nos TM inglés e castelán

Detecto unha serie de paralelismos —enumerados a continuación no apartado práctico de encontros e desencontros— que me indican a posible tradución cara ó castelán desde o TM inglés e non desde o seu orixinal sueco. Estes paralelismos indican unha asincronía estilística que se amosa a través de adicións, omisións debido á incompreensión do contexto cultural que dan lugar a erros de interpretación.

Así mesmo, no TM castelán rómpese o “diálogo” entre a ilustración e o texto. O termo “diálogo” empregado por Oittinen (1993: 47-82) fai referencia á sincronía que debe existir entre as imaxes que ilustran o texto e a tradución do mesmo. No momento de embarcarse na tradución dun libro para nenos é preciso mostrar especial atención a moitas referencias presentes no TO que poden ter relación cunha característica dos debuxos que constitúen a ilustración. A asincronía ilustración-texto pode causar confusión na/o nena/o lectora/lector que non asimila a incoherencia na tradución.

Esta teoría aparece apoiada por tradutoras/es que opinan que non se pode facer unha tradución dun texto pertencente á literatura infantil sen cotexalo coas ilustracións, e se estas son en cor, é preciso conseguila edición orixinal do texto para evitar equívocos no caso de que o encargo de tradución sexa entregado sobre fotocopia en branco e negro (Pascua 2001).

Cabe destacar tamén a incoherencia dos NP do TM, que contrasta co uso deliberado deste recurso estilístico no TO. Así, os nomes están dotados dunha carga semántica que achega a/o nena/o lectora/lector ó texto. É precisamente esta carga semántica tan enriquecedora a que lle causa problemas ó tradutor ó castelán, non só cando decide pasar estes nomes á lingua de chegada, senón tamén porque na maioría dos casos este procedemento resulta incoherente e ó mesmo tempo, tecnicamente desaxeitado. No TO, Astrid Lindgren resalta a relevancia na designación dos NP. Isto plásmase no texto a través da diferenciación realizada entre os nomes que tiñan unha función denominativa dentro do mundo imaxinario do país de nunca xamais que describe —*Nanguillala*— e polo outro lado aqueles —menores en número— que denominan os personaxes do mundo real. A autora determina esta división en función dunha antítese entre os personaxes imaxinarios procedentes da mitoloxía nórdica. Sen embargo, emprega nomes convencionais escandinavos para os que coinciden co mundo real do TO.

No TM pérdese esta diferenciación do TO entre mundo imaxinario/

nomes mitolóxicos e mundo real/nomes actuais escandinavos, xa que non se seleccionan os nomes traducidos do mesmo modo ca no TO. Estamos ante unha perda semántica e deíctica relevante para realizar unha lectura transparente equiparable á do TO. O marco metodolóxico atende á conservación da carga cultural tan relevante no TO.

TM en catalán e en galego

Nos TM catalán e galego detecto a recuperación do “diálogo” entre as ilustracións e o texto, reflectida na coherencia entre os NP e as ilustracións.

A traducción ó galego propón unha versión dos NP que responde a unhas estratexias funcionais de traducción que resultarían na total aceptación dentro da lingua galega (véxase Valado, 2002). Neste caso é preciso evitar unha autocensura traductolóxica que considero que anula a inventiva e xenialidade que amosa Lindgren ó elixir os nomes dos seus protagonistas e dos lugares onde se moven. Emilia Pardo Bazán xa exemplificou esta cuestión cando se referiu a “la tradición de las fábulas nórdicas con sus elfos y hadas, que podrían transvasarse a la cultura gallega mediante las representaciones de ‘meigas’ y ‘trasnos’” (trasgos) (Bravo-Villasante 1985: 127).

Análise práctica

A continuación exporei as correspondencias que aparecen no primeiro capítulo das versións inglesa e castelá, e catalana e galega con respecto ó TO sueco.

Na columna da esquerda aparece descrito o efecto conseguido, así como a crítica positiva ou negativa do mesmo.

Análise dos encontros e desencontros nos TM

a) ADICIÓN: efecto conseguido:	TO	TM (ing., esp.)	TM (cat., gal.)
* páxinas 8 e 6: aclaración; * páxinas 9 e 3: intensificación non necesaria; * páxinas 7 e 4: matización que connota a mesma descrición negativa có TO: non neutralización adulta: linguaxe natural non edulcorada.	(p. 4)	the word (p. 8), la palabra (p. 6)	la paraula (p. 6), esa palabra (p. 3)
	(p. 5)	such an ugly (p. 9), bastante feo (p. 7)	noi lleig i aturat (p. 7), maxeriqueiro feuchiño (p. 4)


Cabe resalta-la traducción das páxinas 7 e 4 na que non se intensifica nin se neutraliza a linguaxe da/o nena/o, conseguindo amosar unha das características que Lindgren emprega. É dicir, a linguaxe infantil non precisa edulcorarse necesariamente, evitando, así, a neutralización do negativo.

Vou resalta-lo recurso que Lindgren usa deliberadamente ó emprega-la conxunción copulativa nas páxinas 5 e 1. Cando Lindgren comeza a frase por esta cópula, a frase tórnase máis enfática. Ó aparecer suprimida na tradución, pérdese esta énfase buscada por Lindgren no TO.

Análise dos encontros e desencontros nos TM

b) PUNTUACIÓN: efecto conseguido: * páxina 7: perda da énfase; * páxinas 5 e 1: frase máis enfática como no TO, recurso deliberado de Lindgren. (p. 3)	TO	TM (ing., cast.)	TM (cat., gal.)
	... Jonathan Lejonhjärta. Och allt det underliga som hände sedan. (p. 3)	... Jonathan Lionheart and all the strange things that happened after that. (p. 7), Juan Corazón de León. Y todas (p. 5)	... Joan Cor de Lleó. I totes les altres coses (p. 5), ... Ionatán Corazón de León. E tamén de tódalas... (p. 1)

Análise dos encontros e desencontros nos TM



Conclusiones

A breve análise realizada do primeiro capítulo das catro versións presentadas indícame que hai unha serie de paralelismos entre os TM inglés e castelán que poderían indica-las realización da tradución cara ó castelán desde a versión inglesa e non desde o seu orixinal sueco.

No tocante ós TM catalán e galego, observo unha recuperación do “diálogo” entre as ilustracións e texto, así como a coherencia entre os NP a as ilustracións. Deste xeito, recupérase a sincronía estilística con respecto a linguaxe lindgreniana.

No TM galego perséguese unha tradución caracterizada por propostas de tradución que aludan a un criterio diferenciador con respecto da linguaxe infantil en castelán e que reflecta os usos propios da lingua galega, evitando os comúns co castelán. A intención é evitar interferencias a modo de exemplo, xa que o corpus non é significativo posto que só se analiza unha obra.

Bibliografía citada

- ANDERMAN, G. MARGARET, R. *Word, Text, Translation*. Great Britain: WBC Book Manufacturers Ltd, 1999. 209.
- EDSTRÖM, V. *Astrid Lindgren — A critical study*. Estocolmo: Rabén & Sjögren, 1992. 12.
- EVEN-ZOHAR, I. “Decisions in Translating Poetry”. *Poetics Today* (1975): 43.
- KLINGBERG, G. *Children’s books in Translation*. Uppsala: Almqvist & Wiksell, 1968/1978. 10/86.
- OITTINEN, R. “I Am ME — I Am Other”. *Dialogics of Translating for Children*. Tampere: University of Tampere, 1993. 93.
- OLOFSSON, J. “Astrid Lindgren”. Consulta: 30.01.2002.
<<http://www.lysator.liu.se>>
- BRAVO-VILLASANTE, C. “Historia de la literatura infantil española”. Madrid: Editorial Escala Española, 1985. 127.
- TOURY, G. *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company, 1995. 52.
- VALADO, L. “Astrid Lindgren traducida. Galicia apuesta por *Os irmáns Corazón de León*”. *CLIJ* 115 (2002): 25-32.
- WHITE, M. “Children’s Books from other Languages: a Study of Successful Translations”. *Journal of Youth Services in Libraries* 5 (1992): 261-275.

Valado, Liliana. “A linguaxe infantil na traducción ó galego. ¿Diferentes traducións, lecturas diferentes?”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

